



NOVAS PENZOL

Número 13 - Febreiro de 2016

MANUEL MARÍA: O POETA DA NAZÓN

Manuel María Fernández Teixeiro (1929-2004) foi poeta antes que nada, poeta da nazón galega polo seu inquebrantábel compromiso coa Terra. Foi poeta prolífico que aportou unha contribución esencial á poesía galega do século XX, inaugurando a 'Escola da Tebra' co seu poemario *Muiñeiro de brétemas* (1950). A súa obra abrangue unha ampla temática, dende o intimismo á denuncia social e política.

Asemade a súa obra non se limita á poesía, pois todos os xéneros literarios lle son válidos para expresarse e útiles para o compromiso: a narrativa, o teatro, o ensaio, o xénero xornalístico, ...

O seu compromiso foi sempre actual e acertou a ver a importancia de novas formas de comunicación para chegar ao público e, nese senso, serve de exemplo a súa colaboración cos movementos da música protesta, como 'Voces ceibes'.

Participou de maneira moi dinámica na actividade cultural, establecendo relacións tanto con membros da Xeración Nós, coma Otero Pedraio, coma cos das xeracións posteriores coma Ánxel Fole, Cunqueiro, Novoneyra, Pura Vázquez, Ferrín, etc.

Tamén o seu compromiso o levou a participar activamente na política. Militante da UPG na clandestinidade, foi candidato do BNG en distintas convocatorias electorais.

A Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas do ano 2016.



Con este número de Novas Penzol sumámonos ao recoñecemento da persoa de Manuel María e da súa obra e damos a coñecer os fondos que del e sobre el dispón a Biblioteca e o Arquivo Penzol e a Biblioteca e o Arquivo Fernández del Riego.

Agradezo a colaboración do persoal da Fundación Penzol na elaboración deste boletín.

Saúdos cordiais

Silvestre Gómez Xurxo

Responsábel de Novas Penzol




Nota biográfica de Manuel María

Manuel María Fernández Teixeiro nace en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929 nunha familia labrega tradicional e relixiosa.

De neno acode á escola de Outeiro de Rei e prepara cun mestre de Rábade o ingreso no instituto. No curso 1942-43 inicia o bacharelato no Instituto Masculino de Lugo e antes de rematar ese curso morre seu pai. Entón faise cargo da súa educación un seu tío, crego e profesor de Filosofía no Instituto Femenino de Lugo e posuidor dunha boa biblioteca para proveito do seu sobriño. Cursa o bacharelato como interno na Academia Galicia dos maristas e no curso 1947-48 remátao, xa de volta no instituto. No 1951 matricúlase por libre en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, mais remata facendo Dereito por desexo do seu tío. E este será o seu campo profesional, no que exerce como Procurador dos tribunais, en Monforte de Lemos.

A súa preocupación pola literatura comezou de rapaz e móvese dende moi novo nos círculos literarios. En Lugo entabla amizade con Uxío Novoneyra e é convidado por Pimentel á tertulia do café Méndez Núñez, onde trata a persoas tan relevantes como Fernández de la Vega, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Carballo Calero e Iglesia Alvariño. Nesta época publica os seus primeiros poemas na revista de poesía Xistral (1949), fundada por Luís Pimentel.



Orixinal do poema *A cantiga derradeira* publicado na revista Xistral e dedicado a Ramón Piñeiro


Fai o servizo militar en Parga e Santiago (1952), onde coincide de novo con Novoneyra. En Santiago trata a Otero Pedrayo e Maside, que teñen unha grande influencia na súa formación intelectual e coñece a Borobó, Piñeiro, García-Sabell, Pura Vázquez, Xosé Manuel Beiras, Méndez Ferrín, etc.

En 1959 casa con Saleta Goi e pouco despois instálanse en Monforte de Lemos, onde exerce a profesión de Procurador e un labor cultural intenso. Alí abren a librería Xistral en 1970, que se converte nun foco cultural. Dende a publicación dos seus primeiros poemas en 1949, Manuel María mantivo unha produción literaria constante, converténdose nun escritor moi prolífico e de obra moi variada, pois ademais da poesía, escribe narrativa, teatro, ensaio, artigos para xornais e revistas, literatura infantil e mesmo algún guión cinematográfico.

O compromiso cultural e político con Galicia está presente de maneira permanente na súa obra e colle unha nova dimensión coa aparición dos cantautores de Voces Ceibes e grupos coma Fuxan os Ventos, converténdose Manuel María nun dos autores máis musicados.

Mantivo actividade política na clandestinidade durante o franquismo como membro da UPG e da Fronte Cultural da ANPG. E, chegada a democracia, foi candidato ao Senado en 1977 pola provincia de Lugo na lista do BN-PG. No 1979, nas primeiras eleccións municipais, foi elixido concelleiro polo BNG no Concello de Monforte. E no 1999 preséntase tamén na lista do BNG, ás eleccións europeas.

En 2003 ingresa na Real Academia Galega co discurso *A Terra Chá: poesía e paisaxe*.



Entre os premios e galardóns dos que foi merecente figuran o “Premio Castelao de Poesía do Centro Galego de Bos Aires”, “Celanova, casa dos poetas”, o “Pedrón de Ouro”. A súa figura foi recoñecida con diversas homenaxes e son varias as vilas e cidades de Galicia que lle puxeron o seu nome a unha rúa.


En 1998, Manuel María e Saleta trasladan a súa residencia á Coruña, cidade na que falece en 2004.

En 2013 inaugurouse en Outeiro de Rei a *Casa-Museo Manuel María*, onde se garda o seu legado e onde reside a sede da *Fundación Manuel María*.

En 2015 a Real Academia Galega decidiu dedicarlle a Manuel María Fernández Teixeiro o *Día das Letras Galegas de 2016*.

BIBLIOTECA PENZOL E BIBLIOTECA FERNÁNDEZ DEL RIEGO
MANUEL MARIA, AUTOR
monografías

- Muiñeiro de brétemas** / Manoel María ; prólogo de Angel Johan ; ilustración de Rafael Alonso. Pontevedra, 1950 (Torres). Sign.: C-5/5.
- Contos en cuarto crescente**. Lugo : Celta, 1952. Sign.: C-247/11. Dedic. autógr. do autor a Ramón Otero Pedrayo.
- Poema a Compostela** . [S.l. : s.n.], imp. 1952.
Sign.: C-8/20. Dedic. autógr. do autor. Exemp. nº 13
- Advento**. Buenos Aires : Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, imp. 1954. Sign.: 21/50.
Dedic. autógr. do autor.
- Terra Chá : poemas** . Lugo : Celta, 1954.
Sign.: C-146/33. Dedic. autógr. do autor.
- Libro de cantigas pra Mary Romay** / Manuel María, da Terra Chá, xograr. Lugo : 1955 (Imprenta Andrade). Sign.: FR-80/91(4). Dedic. autógr. do autor.
Exemp. n. 4
- Poemas**. A Coruña : Atlántida, 1955. Sign.: FR-66/275.
- Carta a Federico García Lorca**. Madrid : [s.n.], 1958.
Sign.: FR-71/65(6). Sinatura do autor. Exempr. n. 16.
- Documentos personaes** . Lugo : Celta, 1958. Sign.: C-2/3.
- Otero Pedrayo, gran galego** / por Manuel María.
En *Ramón Otero Pedrayo : a súa vida e a súa obra: homaxe da Galicia Universal*. Caracas : Centro Galego, 1958 ; p. 38-40. Sign.: 39/60.
- Auto do labrego**. Porto , [19--?] (Escola Tipográfica da Oficina de Sao José). Sign.: C-396/13. Dedic. autógr. do autor.
- Sermón para decir en cualquier tiempo**. Bilbao : Alrededor de la Mesa, 1960. Sign.: C-143/12. Exemp. carece de portada
- Sermón para decir en cualquier tiempo**. Bilbao : Alrededor de la Mesa, 1960. Sign.: FR-79/52(2). Dedic. autógr. do autor
- Contos en cuarto crescente e outras prosas**. 2ª ed., corr. e aum. Madrid ; Lugo : Celta, 1962. Sign.: 19/88.
- Libro de pregos** . Lugo : Celta, 1962. Sign.: C-82/5.
- As Augas van caudales** . D.L. 1963 (Vigo : Faro de Vigo). Sign.: C-27/54.
- Mar maior**. Vigo : Galaxia, 1963. Sign.: 39/157.
- Notas en col da poesía de Fermín Bouza-Brey** .
A Coruña : Real Academia Gallega, [196-?] Sign.: C-248/9.
Dedic. autógr. do autor
- Os Alugados**. Vigo : Grial, 1966 ; p. 429-446 ; separata. Sign.: C-143/24.
- Raimon : poeta do noso tempo** .Vigo : Grial, [1967?]; p. 463-478 ; separata.
Sign.:C-162/19.
- Terra Chá** / Manuel María ; prólogo de Anxel Fole. 2ª ed.. Lugo : Círculo de las Artes, D.L. 1967. Sign.: 18/43.
- Proba documental** . Monforte de Lemos : Xistral, 1968. Sign.: C-323/18.
- Barriga verde : farsa pra bonecos**. Vigo : Castrelos, 1968. Sign.: FR-71/165.
- Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega**. Coimbra : Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra, 1968. Sign.: FR-68/70. Dedic. autógr. do autor.
- Pequenas e intrascendentes Meditaciós encol do futuro da Poesia Galega** /Manuel María. En *O Porvir da Lingua Galega*. Lugo : Círculo de las Artes, Instituto de Estudios, 1968 ; p. 49-54. Sign.: 18/54.
- Antología poética = Escolma poética** / Manuel María ; estudio, selección e versión de Basilio Losada Castro. Madrid : Rialp, D.L. 1969. Sign.: 19/191.



- Versos pra cantar en feiras e romaxes** / Manuel María ; ilustracións: Luis Seoane. Montevideo : Patronato da Cultura Galega, imp. 1969. Sign.: C-325/20.
- Versos pra un país de minifundios** / Manuel María ; prólogo de X.L. Méndez Ferrín. Buenos Aires : Nos, 1969. Sign.: C-132/43. Dedic. autógr. do autor.
- Canción de amor á muller galega** : poema premiado co primeiro accesit do Premio Rosalía / por Manuel María. En *Xogos frorae do idioma galego en Buenos Aires : agosto de 1968*. Buenos Aires, Nos, 1969 ; p. 107-110. Sign.: 28/226
- Auto do mariñeiro : brevísima farsa dramática en tres tempos** . Monforte de Lemos : Xistral, 1970. Sign.: C-191/8.
- Barriga verde** . 2ª ed. Vigo : Castrelos, 1970. Sign.: C-474/44.
- Canciós do lusco ó fusco** . Monforte de Lemos : Xistral, 1970. Sign.: C-323/14.
- Remol** . Buenos Aires : Nós, [ca. 1970]. Sign.: 20/559.
- O Xornaleiro e sete testemuñas mais** . Buenos Aires : Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, Instituto Argentino de Cultura Gallega, imp. 1971. Sign.: 20/543.
- Bando = Bando** / Manuel María . En *Poetas gallegos de posguerra* / edición de Basilio Losada. Barcelona : Llibres de Sinera, 1971; p. 86-87. **Carta ao director dun banco = Carta al director de un banco** / Manuel María ; p. 88-89. **Verbas a un irmao = Palabras a un hermano** / Manuel María; p. 90-91. **Falan unhos campestiños aos que lles espropiaron as terras = Hablan unos campesinos a quienes les expropiaron las tierras** / Manuel María ; p. 92-93. Sign.: 38/57
- Noventa e nove poemas (1950-1970)** . Porto : Razão Actual, imp. 1972. Sign.: 26/178.
- Odas nun tempo de paz e de ledicia = Odes num tempo de paz e de alegría** . Porto : Razão Actual, 1972. Sign.: C-466/25.
- Os Soños na gaiola : (Versos pra nenos)** . 2ª ed. Lugo : Celta, D.L. 1972. Sign.: 28/140.



- Terra Chá** / Manuel María ; ilustracións: Isaac Díaz Pardo; prólogo de Anxel Fole. 3ª ed. Lugo : Celta, D.L. 1972. Sign.: 26/113.
- Lembranza de Alexandre Boveda** / Manuel María. En *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* / Xerardo Alvarez Gallego. Buenos Aires : Edicións "Nos", 1972; p. 262. Sign.: 21/71.
- Aldrax contra á xistra** . 1ª ed. Xenevra : Roi Xordo, 1973. Sign.: C-395/19.
- Informe pra axudar a alcender unha cerilla** / Manuel María ; ilustración da cuberta, Luis Seoane. Montevideo : Patronato da Cultura Galega, imp. 1973. Sign.: C-327/14.
- Kricói, Fanói e Don Lobonís** . Vigo : Castrelos, 1973. Sign.: 20/285.
- Labrego** / Manuel María. En *Xan labrego : antoloxía*. Vigo. Castrelos, 1974 . p. 47-48. Sign.: 20/289.
- Cantos rodados pra alleados e colonizados** . Monforte de Lemos : Xistral, D.L. 1976. Sign.: 26/267.
- Poemas ó outono** . Monforte de Lemos : Xistral, 1976. Sign.: C-117/35.
- O Libro das baldas** . Santiago de Compostela : Follas Novas, 1978. Sign.: C-117/36.
- As Rúas do vento ceibe** : (Versos pra nenos). A Coruña : Xistral, 1978. Sign.: 28/104.
- Terra Chá** / Manuel María ; ilustracións: Isaac Díaz Pardo. 4ª ed. Lugo : Celta, 1980. Sign.: 26/114.
- Berenguela : aventuras e desventuras dunha espiña de toxo** . 2ª ed. Santiago : Xistral, D.L. 1981. Sign.: C- 466/1.


- Escolma de poetas de Outeiro de Rei** / Selección de Manuel María. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, D.L. 1982. Sign.: 43/39.
- Versos do lume e o vaga-lume** / Manuel María ; portada e ilustracións Joám Guisán Seixas. Ourense : Galiza Editora, 1982. Sign.: MRL-C-1/4.
- Chamei, de xeito pesado e insistente** / Manuel María. En *O Galego é o noso único idioma, súa represión : 17 de maio, Día das Letras Galegas*. S.I. : Federación de Asociacións Culturais Galegas, D.L. 1982; p. 10. Sign.: C-335/10.
- Cantigueiro de Orcellón** / E. A. Reque Varela ; ilustracións : Felipe Senén. 1ª ed. O Carballiño : Avantar, 1984. Sign.: 34/151.
- Berengela izeneko Otarantza baten ibilketak eta biribilketak ; Maiatza zorabiatuaren pastorala** . San Sebastián : Eusko Jaurlaritz, 1985. Sign.: 28/154.



- Os petos de ánimas** / Manuel María. En *Os petos de ánimas en Ourense* : catálogo da exposición fotográfica / presentación, Manuel Menor Currás ; limiar, Xaquín Lorenzo Fernández ; fotografías de José Félix Romero de Ibarra] . Sada : Edicións do Castro, imp. 1985 ; p. 27-28. Sign.: 33/196.
- Oráculos para cavallinhos-do-demo** . Ourense : Caixa Ourense, D.L. 1986. Sign.: 35/118.
- Ritual pra unha tribu capital de concello** / Manuel María ; prólogo Xosé Estévez ; capa e ilustracións Felipe Senén. Ourense : Follas Secas, 1986. Sign.: FR-86/211.
- A Xosé María Díaz Castro** / Manuel María. En *Homenaxe a Xosé Mª Díaz Castro*. Guitiriz : Asociación Cultural Xermolos, 1987 ; p. 175. Sign.: 38/101. **Poemas de Xosé María Díaz Castro non recollidos en libro** / Manuel María. En *Homenaxe a Xosé Mª Díaz Castro*. P. 70-71.
- A Oratoria de Don Ramón Otero Pedraio** / Manuel María. En *A sombra imensa de Otero Pedraio* / coordinan Cesáreo Sánchez, Fernando Cuñarro, Xan Carballa; colaboran Lino Braxe ... e al. Vigo : A Nosa Terra, imp. 1987. Nosa terra. Extra, n.8; p. 20-21. Sign.: C-393/8.
- Sonetos ao Val de Quiroga**. Madrid, 1988 (PAR). Sign.: FR-81/103.
- Celso Emilio Ferreiro : común temos a patria** / coordinan, Xan Carballa, Fernando Cuñarro, Cesáreo Sánchez ; colaboran, Manuel María ... et al.. Vigo : A Nosa Terra, 1989. Sign.: C-393/10.
- O meu Celso Emilio Ferreiro** / Manuel María. En *Celso Emilio Ferreiro: común temos a patria* / coordinan, Xan Carballa, Fernando Cuñarro, Cesáreo Sánchez; colaboran, Manuel María ... et al. Vigo : No Nosa Terra, 1989. Nosa terra. A nosa cultura, n. 11 (1989) ; p. 4-6.
- Andando a Terra** : Artigos periodísticos publicados en A Nosa Terra / Manuel Hortas Vilanova ; escolma ao coidado de Miguel A. Mato Fondo e Mª Pilar García Negro. Vigo : A Nosa Terra, D.L. 1990. Sign.: 22/28.
- Conversas con Manuel María** / Xosé M. del Caño. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, D.L. 1990. Sign.: 45/50.
- Os Soños na gaiola** / Manuel María ; ilustracións : Xaquín Marín. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, D.L. 1990. Sign.: 47/349.

- Ao regato do Cepelo** / Manuel María. En *Festival da Poesía (10º. 1990. Salvaterra de Miño)*. Escolma poética : X Festival da Poesía, Salvaterra de Miño, setembro 1990. Pontevedra: Sociedade Cultural e Deportiva Condado, 1990 ; p. 19. Sign.: 54/18. **Ode ao viño** / Manuel María. En *Festival da Poesía (10º. 1990. Salvaterra de Miño)*, p. 19.
- Compendio de orballos e incertezas**. Santiago de Compostela : Compostela, D.L. 1991. Sign.: 27/5.
- Muiñeiro de brétemas** . Pontevedra : Deputación Provincial, D.L. 1991. Sign.: 34/293.
- Unha Sombra vai polo camiño ; Como desapareceu a Atlántida e apareceron os lagartos** / por Manuel María ; ilustracións, Norberto Fernández. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, 1991. Sign.: C-382/4.
- Os contos da campaña** : VII Campaña de Fomento da lectura / Manuel María... et al. ; ilustracións: Xan López Domínguez, Manolo Uhía. Santiago de Compostela : Xunta de Galicia, D.L. 1992. Sign.: 47/495.
- Auto do Castromil ou a revolución dos baúles** . Ed. non venal. Vigo : Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, 1992. Sign.: C-345/4.
- Farsa de Bululú ; Unha vez foi o trebón** . Ed. non venal. Santiago de Compostela : El Correo Gallego : Compostela, D.L. 1992. Sign.: C-367/21.
- A Lúa vai encoberta** . Galicia : Diario 16 de Galicia, D.L. 1992. Sign.: C-358/5.
- Poemas a Compostela** / Manuel María ; portada e ilustracións, Xurxo Fernández. Santiago de Compostela : El Correo Gallego : Consorcio Compostela 93, D.L. 1993. Sign.: 23/135.
- Auto de Don Gaiferos ou O tránsito iluminado** / Manuel María ; fotos de Antonio Iglesias Arias. En *Voces en Compostela* / dirección, Xosé A. Perozo. Santiago de Compostela : Consorcio da Cidade, D.L. 1993 ; p. 98-103. Sign.: 23/181.
- Carta de Manuel María, 1993** / Manuel María. En *Carles Riba e Galicia : homenaxe no I centenario do seu nacemento* / edición, prólogo e notas de Xesús Alonso Montero. Vigo : Galaxia, D.L. 1993; p. 127. Sign.: 40/116. **Carles Riba, en el recuerdo** / Manuel María. En *Carles Riba e Galicia : homenaxe no I centenario do seu nacemento*; p. 117-120.
- Lembranza de Vicente Risco** / Manuel María. En *Vicente Risco: arredor de Nós* / coordinan Xan Carballa, Cesáreo Sánchez ; colaboran Antón Risco ... et al. Vigo : A Nosa Terra, 1993. Nosa Terra. A nosa cultura, n. n. 14 ; p.10-11. Sign.: C-394/3.
- Noticia de don Primitivo Rodríguez Sanjurjo** / Manuel María. En *CL Aniversario do Instituto Provincial de Lugo*. Lugo : Servicio de Publicacións Deputación Provincial : Instituto de Bacharelato "Lucus Augusti", D.L. 1994 ; p. 135-154. Sign.: 33/289.
- Poemas de Manuel María : Galician Programme No. 78** / Manuel María. En *Galicia desde Londres : Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC, 1947-1956* / edición e introducción de Antonio Raúl de Toro Santos ; presentación de F. Fernández del Riego ; e debuxos de Conde Corbal. A Coruña : Tambre ; Santiago de Compostela : Dirección Xeral de Política Lingüística, 1994 ; p. 504-511. Sign.: 33/277.
- Breve lembranza de Don Manuel Chamoso Lamas** / Manuel María. En *Lugo no obxectivo de Manuel Chamoso Lamas* / textos, Felipe-Senén López Gómez....et al. Lugo : Museo Provincial : Diputación Provincial ; A Coruña : Real Academia Galega de Bellas Artes de Nª Sra. del Rosario, D.L. 1995 ; p. 63-64. Sign.:146/110.
- Felipe Senén** / Manuel María. En *Galegos na escaleira* / Xurxo Lobato. A Coruña : Fundación Caixa Galicia, D.L. 1995 ; p. 129. Sign.: 22/184.
- Barriga verde** / Manuel María ; edición e introducción Santiago Esteban Radío. 4ª ed. Ourense : Galiza Editora, 1996. Sign.: 53/121.
- Homes, feitos e palabras** . Santiago de Compostela : Compostela : El Correo Gallego - O Correo Galego, D.L. 1996. Sign.: 19/329.
- Diario Compostelán, "La Noche" dende Lugo** / Manuel María. En *Plumas e letras en "La Noche" (1946/1949)* / director do proxecto, Luís Alonso Girgado ; colaboradores, Xabier Castro Rodríguez... et al.. Santiago de Compostela : Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro", 1996 ; p. 65-72. Sign.: 33/304.
- O Camiño canle de luz e néboa**. A Coruña : Edicións Espiral Maior, 1996. Sign.: FR-88/198.
- A Recuperación da narrativa en galego** : Anxel Fole / Manuel María. En *Historia da literatura galega* / dirección, Alberte Ansede Estraviz, Cesáreo Sánchez Iglesias ; colaboradores, Xosé Mª Álvarez Cáccamo...et al. Vigo : Asociación Socio-Pedagóxica Galega, D.L. 1996. Vol.4 ; p. 1090-1120. Sign.: LIT-GAL-20.

- Poetas entre a tradición e a modernidade : Luís Amado Carballo e a súa escola poética** / Manuel María. En *Historia da literatura galega* / dirección, Alberte Ansedo Estraviz, Cesáreo Sánchez Iglesias ; colaboradores, Xosé Mª Álvarez Cáccamo...et al. Vigo : Asociación Socio-Pedagóxica Galega, D.L. 1996. Vol.3, P. 866-896. Sign.: LIT-GAL-20.
- Antoloxía poética** / Manuel María ; edición de: Camilo Gómez Torres. Vigo : Asociación Socio-Pedagóxica Galega : A Nosa Terra, D.L. 1997. Sign.: 29/87.
- Cinza e viño** / poemas de Manuel María e debuxos ao café de Jesús Otero. S.l. : s.n., 1997. Sign.:C-318/25. Exemp. n. 27 dunha tirada de 33.
- Pedrón de ouro e Pedrón de honra 1994, discurso na entrega dos premios** / Salvador García-Bodaño ; e contestación de Manuel María. En Premios Pedrón de Ouro : Certame Nacional Galego de narracións breves Modesto R. Figueiredo" Fundación do Pedrón de Ouro : Certames XX (1994) e XXI (1995) / A modo de pórtico, Gustavo Santiago Valencia. Sada, A Coruña : Edicións do Castro, D.L. 1997; p. 65-71. Sign.: 31/258.
- Traballos de todo o ano** / Manuel María. En *Gaiteiro de Lugo*. Outono 1997-outono 1998) ; p. 56-57. Sign.: FR-C-59/9.
- A Crecente, de volta á Terra : (21-novembro-1998)**. D.L. 1998 (Mondoñedo : Imprenta Suc. Mancebo). Sign.: FR-C-59/21.
- Carta a Federico García Lorca** / Manuel María. En *Os poetas de Galicia cantan a García Lorca : coroa literaria para Federico contra a súa morte* / edición, estudio e notas de Xesús Alonso Montero. Santiago de Compostela : Concello de Santiago, D.L. 1998 ; p. 35-36. Sign.: 45/154.
- Do Rexurdimento á renovación dos anos oitenta** / Manuel María. En *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa* / edición ao coidado de Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara, Amelia Rodrigues Esteves ; coordinación Luís Alonso Girgado. Santiago de Compostela : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, D.L. 1998 ; p. 195-212. Sign.: 40/198.
- Mensaxe a Ernesto Che Guevara** / Manuel María. En *16 poemas galegos para Ernesto Che Guevara contra a súa morte (1967-1973)* / edición ó coidado de Xesús Alonso Montero e Xosé M. Salgado. Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1998; p. 65-66. Sign.: 50/78.
- Xan da Coba, de novo** / Manuel María. En *Juan de la Coba y Gómez, 1829-1899 : antoloxía de textos sobre o inventor do trampitán* / coordinador do volume, Marcos Valcárcel ; edición de textos, Henrique Torreiro. Ourense : Concellería de Cultura do Concello de Ourense, 1999 ; p. 119-120. Sign.: 43/333.
- Romance de María Castaña ó xeito dos cegos** / Manuel María. En *Circular polo Saviñao I : 40 aniversario do Círculo Cultural Recreativo Saviñao* / dirección e coordinación, Enrique Sampil Sánchez . Escalón (Lugo) : Círculo Cultural Recreativo Saviñao, D.L. 1999 ; p. 183-185. Sign.: 140/110.
- Cantiga a noso señor Santiago no ano xacobeo de 1999** / Manuel María. En *Faíscas xacobeas* / Pedr'Amigo de Sevilla... et al. ; Xosé Freixanes, ilustración da portada. Xenebra : Editions Impossibles, 1999 ; p. 21. Sign.: 41/328.
- O Soñador** / Manuel María. En *Homes do país : os galegos pintados por si mesmos* / edición de Ricardo Polín. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, D.L. 1999, p. 35. Sign.: FR-92/76.
- Clásicos e modernos 2** / Manuel María ... et al.. A Coruña : Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-portuguesa, Universidade da Coruña, imp. 2000. Sign.: 132/211.
- A memoria de Lugo : álbum de postais** / selección, coordinación e catalogación Carlos Díaz Martínez ; textos Paco Martín, Fausto Galdo, Manuel María, Lois Diéguez ; traducción ó español, Carmen Torres París, traducción ó inglés Mª Dolores Martínez Torres. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, D.L. 2000. Sign.: 135/189.
- Sursum corda : poesía galego-portuguesa ao viño** / edición a cargo de Manuel María ; selección Xosé Lois García, Carlos Díaz Martínez. Santiago de Compostela : Laiovento, 2000. Sign.: 45/222.
- Antón Moreda** / Manuel María. En *Irmán Antón, historia dun galeguista* : escolma de textos de Antón Moreda / presentación, Fernán Xosé Mourenza Fernández. Lugo : Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego, 2000 ; p. 11-12. Sign.: 144/180.



- Homenaxe ó poeta Manuel Luís Acuña** / Manuel María. En *Manuel Luís Acuña* / edición literaria Ramón Nicolás Rodríguez ; edición plástica Antón Pulido. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, imp. 2000 ; p. 92. Sign.: FR-94/87.
- Obra poética completa** (2 vol) . Coruña : Espiral Maior, imp. 2001. Sign.: 51/169.



- Terra** / Manuel María. En *Escolma de aniversario : (Librería Follas Novas, 1971-2001)* / edición de Luis Alonso Gírgado, Teresa Monteagudo Cabaleiro ; ilustracións, Baldo Ramos . Santiago de Compostela : Librería Follas Novas, 2001; p. 60. Sign.: 13/240.
- Se o mar galego é sempre masculino** / Manuel María. En *Muller e mar : antoloxía poética* / Ana Abelenda Vázquez... et al. ; ilustracións, Xulio Fernández Argüelles. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2001 ; p. 53. Sign.: 49/88.
- Terra Chá** . A Coruña : La Voz de Galicia, D.L. 2002. Sign.: 10/59.
- Entrevista a Manuel María** / por Miguel Sande. En *Crítica e autores* : artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia. A Coruña : La Voz de Galicia, D.L. 2002 ; p. 130-132. Sign.: 10/187.
- O meu Borobó** / Manuel María. En *Homenaxe a Borobó* / coordinador, Xoán Guitián. Sada : Edicións do Castro, imp. 2003 ; p. 252-253. Sign.: 10/176.
- O Colexio da Nosa Señora da Antiga de Monforte de Lemos** / Manuel María. En *La Galicia de los monasterios* / textos Eduardo Chamorro ; fotografía Xurxo Lobato ; introducción José Carlos Valle Pérez ; colaboran Ramón Villares Paz ...et al. A Coruña : La Voz de Galicia, D.L. 2003 ; p. 72. Sign.: 58/30.
- A Virxe de Escairón** / Manuel María. En *Circular polo Saviñao II : 45 aniversario do Círculo Cultural Recreativo Saviñao* / dirección e coordinación, Enrique Sampil Sánchez. Escairón (Lugo) : Círculo Cultural Recreativo Saviñao, 2003; p. 353-354. Sign.: 140/111.
- A Xosé-Antón Avilés de Taramancos** / por Manuel María. En *Avilés de Taramancos, homenaxe* / edición, Tucho Calvo. A Coruña : La Voz de Galicia, D.L. 2003 ; p. 62. Sign.: 14/278.
- Dúas cantigas de escarño ou maldicer do trobeiro do século XIII Paio Xordo nativo de Outeiro de Rei da Terra Chá, a primeira delas case descoñecida** / Manuel María. En *Botella ao mar* : catálogo de] unha exposición organizada pola Asociación Galega de Artistas Visuais na Casa das Artes de vigo (10 abril - 1 maio) e no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela (7-18 maio) en 2003 / preliminares, Manuel Quintana Martelo, Rafa Villar ; fotografía, Javier Iglesias. Santiago de Compostela : Asociación Galega de Artistas Visuais, D.L. 2003; p. 213. Sign.: 20/512.
- Contos de trabes, animais, parvos e un ensaio** / Manuel María ... et al. ; ilustracións Xaime Asensi. Santiago de Compostela : Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, D.L. 2004. Sign.: 56/61.
- Poemas a Compostela** . Santiago de Compostela : El Correo Gallego : Concello de Santiago de Compostela, cop. 2004. Sign.: 144/237.
- A imaxe arrepiános** / Manuel María. En *Marea negra : catálogo da exposición fotográfica* / organizada polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia ; patrocinado pola Deputación da Coruña. Santiago de Compostela : Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, D.L. 2004 ; p. 82. Sign.: 54/258.
- Recordatorio e laio por Xela Arias** / Manuel María. En *Xela Arias, quedas en nós* / edición Valentín Arias. Vigo : Edición Xerais de Galicia, imp. 2004; p. 62. Sign.: 142/156.

- Verbas pra Don Antonio Machado** / Manuel María. En *23 poetas galegos cantan a don Antonio Machado* / edición e prólogo de Xesús Alonso Montero. Galicia : Litoral das rías, 2004 ; p. 43-44. Sign.: FR3-38/33.
- Poema-homenaxe a Xosé Ramón Reboiras Noia** / Manuel María. En *Galiza, a patria común : caderno conmemorativo en homenaxe a Moncho Reboiras* / texto biográfico, Uxío-Breogán Diéguez. Santiago de Compostela : Unión do Povo Galego, D.L. 2005 ; p.41-44. Sign.: 20/517.
- Cartafol poético para Alexandre Bóveda** / Manuel María ... et al. ; prólogos Anxela Bugallo, Marga Romero, Susana Trigo. A Coruña : Espiral Maior ; Santiago de Compostela : Xunta de Galicia, imp. 2006. Sign.: C-420/5.
